- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas) e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais básicas e de uso máis común, en formato síncrono o asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións básicas, reformular, comparar, resumir, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas do repertorio lingüístico propio.
- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar) tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a

Contidos

- aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e logra unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos, a través de diferentes medios, con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Utilización de estratexias de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O achegamento a unha segunda lingua estranxeira como é o portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Nesta materia, aínda que non é a primeira vez que a cursan, aplícase o principio básico para o organización e tratamento de contidos baseado en que o que se aprende depende fundamentalmente do xa aprendido (coñecementos previos), e ademais quen aprende constrúe o significado do aprendido a partir da propia experiencia.

Nas diferentes unidades didácticas intégranse contidos dos diferentes bloques e, polo tanto, en cada unha delas vanse aplicar diferentes metodoloxías que van desde as exposicións e explicacións máis tradicionais e necesarias para facer comprender determinados contidos, a outras máis indagatorias e dedutivas para que o alumnado acade coñecementos, pasando por aquelas máis activas e participativas en actividades de produción tanto oral como escrita.

O profesorado vai buscar sempre actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas e sempre se tenderá a:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, este ano especialmente individual mais ca grupal.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

Tamén se proporán preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/a docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender, segundo a cal a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso, correspóndelle á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse.

Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común entre o profesorado da materia de Portugués e o resto dos membros do departamento de Lingua Galega ao longo de toda a etapa. Así mesmo, habería que avanzar no Tratamento Integrado de Linguas co resto de Departamentos lingüísticos.

LIÑAS METODOLÓXICAS

O principal propósito que se procura é activar e mellorar a competencia comunicativa en lingua portuguesa ao tempo que se reforza a a competencia en lingua galega. Por tanto, analizaranse e comentaranse todos os contidos lingüísticos teóricos que permitan mellorar na práctica a devandita competencia, e realizaranse actividades encamiñadas a conseguir uns contidos que teñan relación e influencia directa no uso real de ambas linguas, no caso da galega reforzando o seu uso formal. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o

emprego de determinadas estratexias didácticas; por iso, a metodoloxía de ensino en Portugués tratará de ser o máis activa posible, para mellorar os vínculos entre o alumnado e mesmo que favoreza as relacións interculturais, por suposto incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Tratarase, na medida do posible, de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado de cada grupo vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Outra cuestión para ter en conta é o traballo da oralidade, pois como esta materia ten relación directa coa de Lingua Galega e Literatura e consideramos que ten que servir tamén como apoio para ela, cómpre reforzar a oralidade tamén en Portugués para que lle poida servir de axuda a un alumnado que asocia, maiormente, a lingua galega cos ámbitos coloquiais e informais. Así, tanto cuestións fonéticas coincidentes, como o léxico ou elementos da morfosintaxe que son coincidentes explícanse baixo o paraugas dun tratamento integrado das linguas, sinalando aquilo que é común e diferente.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

- Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente. Deseño de proxectos significativos para o alumnado, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias particulares e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

- Traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

- Atención á diversidade, con atención individualizada dentro das posibilidades do grupo, na prevención das dificultades de aprendizaxe, con tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos.

- Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.

- Desenvolvemento gradual e progresivo dos obxectivos e dos contidos de maneira que, alén de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

- Potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que, como a mediación, poden resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega. Con este fin, os centros educativos, a través do profesorado de Lingua Galega, o equipo de dinamización da lingua galega, a biblioteca ou outros departamentos así como a través de programas internacionais, poderán promover actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien os intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...).

- Traballo interdisciplinar e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula Virtual. Curso 4º Lingua Portuguesa (material de elaboración propia e allea organizado por unidades e centros de interese).
Material "Exercícios gramaticais" elaborado en Exelearning e aloxado na Aula Virtual do IES
Material "Apontamentos gramaticais" elaborado en Exelearning e aloxado na Aula Virtual do IES
Bernal, Diego et alii (2019), Dicionário Visual Através. Santiago: Agal (2019).
Páxinas web vinculadas ao PLE
Xogos de elaboración propia e xogos comerciais aplicables á materia.

Probas tipo Camões Júnior e outras certificacións (EOI).
Dicionário on-line Priberam: dicionario.priberam.org/
Dicionário Infopédia da Porto Editora: https://www.infopedia.pt/
Dicionário Estraviz: https://estraviz.org/

O manual Na crista da onda (Tomos 3 e 4), da LIDL, servirán de folia de ruta das unidades da materia, xunto con outros manuais e libros de consulta de Portugués Lingua Estranxeira (PLE) do que extraemos numerosos apuntamentos, exercicios, audicións e propostas de dinámicas orais: Portugués. Século XXI; Passaporte para Portugués; Portugués em foco; Aprender Portugués; Gramática Ativa, etc.

Así mesmo, para cada unidade didáctica contamos con material de apoio elaborado na ferramenta Exelerning consistentes nun compendio de "Apontamentos gramaticais", que visan todas as categorías gramaticais, así como recursos fonéticos, sociocomunicativos e ortográficos; e de "Exercicios gramaticais", creados para aplicar e exercitar de forma interactiva e autoavaliável a teoría dos "Apontamentos gramaticais".

Así mesmo vanse empregar ademais os seguintes materiais e recursos didácticos:

1- Materiais de audio para potenciar a comprensión de textos orais (en CD ou arquivos de mp3).

2- Materiais audivisuais (vídeos) para potenciar a comprensión da oralidade e a competencia sociocultural. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen subtítulos.

a . Vídeos musicados publicados na internet (Youtube, Spotify...).

b . Series de animación adaptados ao nivel.

c . Filmes en DVD e accesibles na rede, especialmente na canle pública RTP (RTP Series).

3- Textos literarios: contos e relatos do ámbito da literatura infantil e xuvenil, fragmentos de obras clásicas portuguesas e universais (adaptados, de lectura fácil), etc. tanto en papel como en pdf.

4.- Libros informativos emprastados polo profesorado e da sección de lingua portuguesa da biblioteca escolar, que se está a ampliar ano a ano con novas compras.

5- Sitios web e redes sociais para manexar textos escritos e orais de carácter xeral ou máis específico adaptados aos seus intereses e motivacións.

6- Revistas e outras publicacións (folletos, fancines, etc.) de diferentes temáticas (cociña, deportes, moda, de tipo comercial...) para que lean textos apoiados en imaxes.

7- Material orixinal e copias de textos reais ou simulados, en papel ou formato dixital, que sirvan de mostra de: notas breves, postais, cartas informais, menús, listas de prezos...

7- Fotocopias con exercicios específicos para aqueles contidos sintáctico-discursivos que sexa preciso traballar á marxe das actividades comunicativas.

8- Xogos (storycubs, dominós, bingos, xogos de mesa, quizz, kahoots...) de temática lingüística e cultural de elaboración propia ou allea.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de cada curso e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizaremos unha avaliación inicial, que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de Orientación, a Xefatura de Estudos e a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para a realización da avaliación inicial poderanse empregar algúns dos seguintes procedementos e instrumentos:

1. Realización dunha proba escrita na que se obteña información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave (Comprensión e Expresión Escrita). Esta proba inclúe os seguintes criterios de avaliación:

- 1.1. Apreciación da capacidade de comprensión lectora (tema, identificación de ideas principais e secundarias, resume, respostas de V/F, resposta aberta ou de elección múltiple, etc.).
- 1.2. Valoración da capacidade de expresión escrita (a partir dunha situación comunicativa, redactar un texto acorde a unhas determinadas temáticas vistas o curso anterior).
- 1.3. Valoración da capacidade de comprender e valorar aspectos da cultura lusófona estudados en niveis anteriores.
2. Proba de Comprensión e Expresión oral a partir da escoita dun audio/vídeo e dunha proposta de situación comunicativa (conversa, exposición...) sobre un tema concreto.
3. Cuestionarios de actitudes e intereses.
4. Análise dos informes finais individualizados do alumnado na etapa ou curso anterior.
5. Información obtida a través da persoa titora e do profesorado que impartiu a materia no curso anterior, e especialmente a comunicada polo Departamento de Orientación sobre alumnado con dificultades de aprendizaxe.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	50	50	50	50	50	50	50
Táboa de indicadores	50	50	50	50	50	50	50

Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado con probas avaliábeis escritas e orais, así como polo rexistro do seu Traballo diario (de aula e casa). Esta información é entregada a comezos de curso ao alumnado e publicada na páxina web do IES (apartado de Lingua Galega) a través dunha ficha de descrición da materia.

A seguir, relaciónanse os instrumentos de cualificación de cada avaliación :

- a) Proba(s) escrita (s) (50% da nota total). Serve(n) para avaliar os contidos referidos á comprensión oral e escrita e á produción escrita.
- b) Produción oral (20% da nota). Avaliase a oralidade, sobre todo a fonética e as destrezas referidas á exposición oral. Empregaranse táboas de indicadores.
- c) Tarefas (20% da nota). Avaliáanse a nivel competencial as secuencias didácticas vistas en cada trimestre. Marioritariamente van ser tarefas gravadas ben de audio ben de vídeo, e vanse puntuar mediante táboas de indicadores.
- d) Traballo diario e participación activa na aula (10% da nota) que se avaliarán mediante listas de control diarias (táboas de indicadores).

A nota trimestral resulta da media ponderada dos diferentes instrumentos de avaliación. A primeira avaliación terá un peso do 30%, a 2ª avaliación tamén do 30% e a 3ª avaliación do 40%.

Para aprobar a materia é condición previa a contnuidade no esforzo: a avaliación fnal é produto do traballo de todo o curso ao se tratar dunha avaliación continua. A nota final é o resultado da media ponderada das tres avaliacións -30% (1ª aval.) + 30% (2ª aval.) + 40% (3ª aval.)-, ou, no caso de estaren suspensas, das súas recuperacións, e sexa igual ou superior a 4.50 p.

Criterios de recuperación:

Dado que os contidos son progresivos e, xunto coas capacidades e actitudes, se combinan no desenvolvemento das competencias, a avaliación sumativa e continúa debe incidir na recuperación cando non sexan superados. Polo tanto, seguirase o seguinte procedemento para a súa recuperación con aquel alumnado que non supere a materia en cada unha das avaliacións trimestrais:

- Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Os contidos poderán recuperarse a través da entrega de traballos e de boletíns de exercicios de reforzo que o profesorado crea oportunos traballar para obter o aprobado, así como por medio da mellora de traballos que foron cualificados negativamente.

- Aquel alumnado que no mes de xuño non teña superada a materia tras o plan de recuperación trimestral e continuo descrito anteriormente realizará unha recuperación final daquelas partes non superadas ao longo do curso, que consistirá nunha proba escrita previa á avaliación final. Dita proba terá un valor relativo ao daquelas partes que se deban recuperar e, posteriormente, será sumada ás partes xa superadas no 100% na avaliación final.

Considerarase que un alumno ou alumna superou a materia cando a nota media ponderada das tres avaliacións, cos seus respectivos plans de recuperaci

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade na ESO estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

Os e as docentes desenvolverán e complementarán, de ser o caso, o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería con competencias en materia de educación, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender todo o alumnado. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.

No Curso 2023-2024, no momento de rematar o prazo de matrícula para a materia, non está rexistrado ningún caso de Alumnado NEAE. En todo caso, no caso de que se integre ao longo do curso algún alumno ou alumna NEAE que precise de seguimento específico, este sería o procedemento que se debe seguir:

- Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais (espectro TEA...), por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidos en cada etapa para todo o alumnado.

- A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

- Correspóndelle á Consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. O profesorado, igualmente, seguirá os protocolos de atención á diversidade establecidos, por exemplo, na realización de probas. A coordinación co departamento de orientación e profesorado de apoio e reforzo será fundamental para a consecución dos obxectivos do curso.

As medidas concretas de atención á diversidade que afectan neste curso escolar ao Departamento de LGL son as seguintes:

- Adaptacións curriculares á espera do que se determine na xunta de Avaliación Inicial.

- Seguimento do protocolo para o alumnado con NEE, nomeadamente o TDHA.

No tocante ao alumnado con Trastorno de déficit de atención e hiperactividade, tomaranse as seguintes medidas educativas:

- Localización da alumna ou do alumno na aula. Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda, na medida do posible. Este curso, debido á situación de pandemia, o alumnado foi colocado por orde alfabética e valorárase na avaliación inicial a pertinencia ou non de realizar cambios tendo en conta as necesidades deste tipo de alumnado.

- Exames ou probas escritas con tratamento diferenciado:

- 1.- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.

- 2.- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución ou fragmentar o exame.

- 3.- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
 4.- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
 - Material de reforzo e/ou ampliación para o alumnado que o precise.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - ET.3 - Comunicación audiovisual		X		X	X	X
ET.4 - ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X		X	
ET.6 - ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X		X	X	
ET.8 - ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, na Segunda Lingua Estranxeira (Português) de 4º de ESO, vanse traballar os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebracións populares (São Martinho, Natal, Páscoa...)	As festividades de tipo popular e tradicional son obxecto dunha tratamento particular nas aulas a través de materiais que permiten pescudar e coñecer costumes significativo da cultura portuguesa e lusófona.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proporanse lecturas de autoras/es lusófonas/os e/ou en portugués.		X	
Celebración do 25 de abril - Semana da Lusofonía	Empregarase esta data para reivindicar a democracia, a liberdade e a integración cunha exposición e outros actos simbólicos, en colaboración coa Associação Zefa Fonso Galiza.			X
Día da Língua Portuguesa e Día de Camões e comunidade lusófonas	Actividades de tipo lúdico-simbólico, selección de lecturas e algún encontro con persoas lusófonas.			X

Observacións:

O profesorado do Departamento de Lingua galega e Literatura colabora co Equipo de Biblioteca e co Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG). Este feito favorece a participación deste seminario en todas aquelas actividades que dende estes equipos se levan a cabo no instituto: a organización de distintos festivais ao longo do ano e a participación activa do alumnado nestes festivais, as representacións dramáticas, recitais de poemas, campañas de sensibilización de temática variada, certames literarios, monólogos dramatizados, campañas de fomento da lectura, talleres literarios, campañas de normalización lingüística e os clubs de lectura.

É por iso que se procurará incorporar as propostas máis estritamente relacionadas coa materia de Lingua Portuguesa a estas dinámicas de colaboración xa instauradas no centro facendo partícipe a toda a comunidade educativa das iniciativas que xurdan nas nosas aulas.

Tamén se buscará a colaboración con outros centros que teñan unha traxectoria máis longa na impartición da Lingua Portuguesa, así como con institucións e entidades sociais que se destaquen pola divulgación da Lusofonía no noso país.

En definitiva, o programa de actividades complementarias visará:

- Reforzar os contidos traballados na aula.
- Motivar o alumnado para a aprendizaxe da materia.
- Favorecer o uso oral do portugués e, ao mesmo tempo, do galego.
- Fomentar actitudes positivas cara á lingua e a cultura lusófonas.
- Achegarse dun xeito lúdico á historia e cultura do ámbito lusófono.
- Achegarse de forma activa a obras básicas da literatura portuguesa.
- Poñer en contacto o alumnado con manifestacións culturais variadas en portugués (teatro, música, cine etc.) e con persoas que poidan transmitirlo facilmente.

Ademais, en relación ás actividades extraescolares, contéplase a organización dunha saída didáctica de 1 ou 2 días a Portugal arredor do mes de abril para todo o alumnado de Lingua Portuguesa do centro. O alumnado desenvolve un pequeno proxecto para preparar a excursión (investigación sobre a cidade, planificación do itinerario, presentación de resultados).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

<p>De planificación: 1. Programo a materia tendo en conta os descritores operativos previstos na normativa legal vixente. 2. Programo a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. 3. Programo a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta. 4. Formulo os obxectivos didácticos de forma que expresen claramente as competencias a acadar polo alumnado. 5. Selecciono e distribúo de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes. 6. Programo actividades e estratexias en función dos criterios de avaliación e das necesidades do alumnado. 7. Planifico as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. 8. Establezo os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. 9. Coordínome co resto do profesorado que poida ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas).</p>
<p>Metodoloxía empregada</p>
<p>De desenvolvemento: 1. Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, mapas conceptuais, esquemas...) 2. Cando introduzo conceptos novos, relaciónoos cos xa coñecidos. 3. Amoso predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases. 4. Optimizo o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica. 5. Utilizo as TIC para apoiar os contidos na aula. 6. Promovo o traballo cooperativo e manteño unha comunicación fluída co alumnado. 7. Desenvolvo os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas. 8. Presento actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa. 9. Presento actividades de grupo e individuais. 10. Facilito estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas...)</p>
<p>Medidas de atención á diversidade</p>
<p>De seguimento e avaliación: 1. Realizo a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel do alumnado. 2. Detecto os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. 3. Reviso os traballos propostos na aula e fóra dela. 4. Fornezo a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas e informo detalladamente dos criterios de avaliación e instrumentos de avaliación e cualificación. 5. Corrijo e explico de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes. 6. Utilizo sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recolla de información. 7. Utilizo suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. 8. Favorezo os procesos de autoavaliación e coavaliación. 9. Propoño novas actividades. 10. Informo dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.</p>
<p>Clima de traballo na aula</p>
<p>De motivación do alumnado: 1. Proporciono un plan de traballo ao principio de cada tarefa. 2. Utilizo distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). 3. Relaciono as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. 4. Informo sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas. 5. Relaciono os contidos e actividades cos intereses do alumnado. 6. Estimulo a participación activa dos estudantes na aula. 7. Promovo a reflexión sobre os temas tratados. 8. Demostro sensibilidade ante os problemas do alumnado e as súas diferenzas culturais e de procedencia. 9. Establezo comunicación continuada co alumnado imposibilitado de asistir temporalmente ao centro por hospitalización ou outras circunstancias</p>

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

- Introducción
- Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias
- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
- Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
- A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
- Medidas de atención á diversidade.
- A concreción dos elementos transversais
- As actividades complementarias
- A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
- Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Conseguise acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.

9. Outros apartados

1. Composición do Departamento de lingua galega e literatura

Profesorado que compón o departamento, funcións e materias impartidas:

- Román Cerqueiro Landín (Xefe do Dpto. de Lingua galega e Literatura): Lingua Galega 2º ESO A e B e 4º ESO A e B. Lingua Portuguesa 3º e 4º ESO. Membro do EDLG e do Equipo da Biblioteca.
- Beatriz Quintela Rúa (Dpto. Lingua galega e Literatura): Lingua Galega 3º ESO A e B. Lingua Portuguesa 1º e 2º ESO. Dirección. Membro do EDLG e do Equipo da Biblioteca.
- Mónica Mato Bustelo0 (Xefa do Departamento de Francés): Lingua Galega 1º ESO B. Coordinadora do EDLG. Membro do Equipo da Biblioteca.
- Rosario Blanco Gómez (Xefa do Departamento de Xeografía e Historia): Lingua Galega 1º ESO A. Membro do Equipo da Biblioteca.